

**NON QUERO SABELO**

**AGORA:** AS MÍTICAS DÚAS PÁXINAS EN BLANCO PARA QUE TI TE RALLES UN PEDAZO E AO FINAL AS ARRANQUES\* PA CALQUERA COUSA!!!

\* *nun pdf?*





calquera comezo  
é un bo comezo

non podo aprender  
estou moi ocupado estudando

metes a cabeza polo cu  
mentres debuxo colibrís que se volven  
e se me meten nas tripas e  
me fan voar  
voando que non son eu outra vez  
outra vez outro día  
no que nunca pasará {nada=  
e todo será o mesmo ata que ^entre!  
entro no deserto cinco veces por \*semana?  
logo saio, vou voando, dúchome  
e tiro porque me toco e aínda así  
seguirá sendo o mesmo ata que escampe  
ata que escampe o serafín  
o serafín  
será a fin  
das túas dores intestinais

molabas máis  
cando non molabas



pero non puido soportalo  
era feliz ata que comezou a enterarse de algo

parece que imos sen frenos  
pero non te diche conta de que está o coche en punto morto?  
vaia decepción se levou Charles Manson cando  
lle rompeu unha corda da guitarra  
e puido facer alambradas dela  
repetindo a cada fío PUTA PUTA PUTA E CEN VECES PUTA  
e non se sabe se construíu o patriarcado  
ou matou a vinte personas con The Family  
que serían uns tarados asasinos pero hostia imos darlles un voto de confianza  
polo menos non eran un grupo indie  
vasco  
n medo  
e volves con-descendencia  
porque ir só imos para atrás

Cando non me queda nada  
aínda me quedan 60 anos por diante  
e iso xa é demasiado

debo estar cego aquí fóra  
pero non vexo outra saída  
por eso che escribo notas  
con pareados en código binario  
para que non as entendas  
e me ensines as bragas  
todo consiste en ser orixinal

**Unha noite de 2012 espertei suando e mollado e quería ser John Cooper Clarke ata que me levantei bebín un vaso de leite E FURIOSO contra O MUNDO masturbeime, de novo, e quedei durmido sendo novo e**

a puta rúa cheira mal  
a puta auga sabe a sal  
a puta lúa de alcatrán  
roda morta en Caracán

as putas caras a chorar  
o puto vento vai virar  
a puta fonte está de máis  
inundamos Caracán

o puto sol non vai fumar  
a puta casa quere máis  
o puto banco pide pan  
só no puto Caracán

a puta nube non se vai  
a puta xente sen voar  
o puto tempo fuxe xa  
puta vida en Caracán

*queimando vou*

queimo todo o que podo e queimo todo o que non teño  
se me dá tempo queimareime en vida na praza  
se puidese queimaría todos os coches desta cidade  
e queimaría as rúas  
queimaría a torre máis alta da RTVG,  
e, se tivese abonda gasolina  
queimaría a miña xeración enteira  
queimaría todo o que me queda de vida  
só a cambio dunha cerilla

vese ao lonxe un volcán  
e cheira como se  
se nos estivese pasando o arroz

*queimando veño*

debuxei unha |^ cama|  
coas túas pernas  
e a miña insistencia

o pacto de VAIA TETAS VAIA TETAS VAIA TETAS VAIA TETAS sinala as bases dun VAIA TETAS VAIA TETAS VAIA TETAS VAIA TETAS no marco da reunión VAIA TETAS VAIA TETAS VAIA TETAS VAIA TETAS en base ao que se dixo VAIA TETAS VAIA TETAS VAIA TETAS *y yo y yo no quiero callarme* VAIA TETAS VAIA TETAS VAIA TETAS “francamente querida, me importa un” VAIA TETAS VAIA TETAS e marca finalmente o Deportivo na VAIA TETAS VAIA TETAS e

~~parklife~~

(*chum  
chu chum  
chu chuum  
chu chu chum*)



**AGORA:** OUTROS TÍTULOS DA COLECCIÓN AÍNDA MENOS INTERESANTE  
CA ESTE

Xosé Luís Méndez Ferrín, *Yo también he sido gallego*

Edmund Husserl, *Yo tampoco sé lo que digo*

Farruco o da TVG, *Viva o viño viva mi pueblo*

Arsenio o do Depor, *Que quieres que te diga?*

Un colega meu que fala mal, *Que logo, é mellog pillag unhas biggas, ou?*